

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o nove de decembro do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), don Plácido Álvarez Dobaño, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e antes de comezar a estudar os asuntos comprendidos na orde do día, formúlase, por unanimidade, para que conste en acta, unha declaración no Día Internacional contra a Corrupción, no seguinte sentido:

Deixar constancia da importancia que ten o desenvolvemento de iniciativas que contribúan a loitar contra calquera tipo de corrupción, ben sexa no ámbito social, político ou económico, xa que desterrar estas prácticas e levar a cabo labores preventivos e de concienciación social contribuirán a reforza-lo carácter democrático da nosa sociedade e a credibilidade das nosas institucións.

Por outra banda, as medidas innovadoras que neste senso puxo en marcha a Deputación de Ourense, moitas delas pioneiras en Galicia e no resto do Estado, abren novas perspectivas para enfoca-la xestión pública, que debe estar sempre presidida pola transparencia, o rigor e a eficacia.

Proba diso, é a implantación, por parte da Deputación de Ourense, do primeiro Código Ético e de Conduta dun goberno local intermedio en España; ou, o feito de que esta Deputación ocupe o terceiro posto –dun total de 45- dos gobernos provinciais de España en materia de transparencia, segundo o ránking de transparencia internacional.

A isto, hai que engadir que a Deputación de Ourense foi tamén a primeira administración en contar cunha ordenanza específica de transparencia (mañá entrará en vigor a lei estatal), e igualmente súa foi a iniciativa de organiza-la I Conferencia de presidentes de

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

gobiernos provinciais de España, onde a transparencia foi un dos temas principais do debate, así como que a RPT de 2015 incorpore unha unidade administrativa de “Transparencia e Participación Cidadá”, medida, así mesmo, de vangarda neste ámbito.

Á corrupción fáiselle fronte con determinación, coa forza da lei e coa rigorosidade da máxima transparencia e total información, facendo partícipes ós cidadáns de todas e cada unha das decisións que adopta un goberno, pois os responsables das institucións están precisamente á fronte delas para traballar a prol da cidadanía e para compartir con ela tódolos procesos, evolucións e resultados da súa xestión.

A continuación e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 28 DE NOVIEMBRE DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte e oito de novembro de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓNS PARA O EXERCICIO 2014.- Con data 30 de outubro de 2014, o Consello Asesor de Publicacións informou favorablemente unha proposta desta Presidencia para a modificación do Plan anual de publicacións para o exercicio 2014.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, en sesión extraordinaria do día da data, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Modificar o Plan anual de publicacións do exercicio 2014, no seguinte sentido:

- Modificar as determinacións 2ª.b) e 4ª.I.b), reducíndose a dotación para unha edición conmemorativa do 250º aniversario do pasamento do Padre Feijóo, que queda fixada en 4.000 euros.
- Modificar a determinación 4ª.II, en canto ó orzamento destinado á edición de obras seleccionadas mediante procedemento de concorrência competitiva, fixando o dito orzamento na contía de **77.993,52 €** euros.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

3.- PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS CULTURAIS, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014, PARA

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

APLICACIÓN DOS REMANENTES PRODUCIDOS POR REXEITAMENTO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS MEDIANTE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 7 DE NOVEMBRO DE 2014 (BASE 9ª DO REFERIDO PROGRAMA).

Unha vez vista a proposta da Comisión de Valoración do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de infraestruturas culturais, correspondente ao exercicio 2014, para a aplicación dos remanentes producidos por rexeitamento das subvencións concedidas, a **Xunta de Goberno**, en sesión extraordinaria do día da data, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- Aceptar os rexeitamentos ás axudas concedidas, formulados polos concellos da Peroxa, Chandrexa de Queixa, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia, Castrelo de Miño, Gomesende, A Rúa de Valdeorras, Bande, Cualedro, Lobios, Vereia, Castrelo do Val, Barbadás, Xunqueira de Ambía e A Merca.

2.- Aprobar a concesión de axudas entre os restantes beneficiarios, con aplicación, consonte cos criterios establecidos na base 8ª do programa, dos remanentes producidos, resultando os importes seguintes:

- 1.ª) Concello do Barco de Valdeorras, para a execución do proxecto “Investimento en infraestruturas culturais” 6.768,65 €.
- 2.ª) Concello de Esgos, para a execución do proxecto “Equipamento Centro Cultural Parada Justel” 4.912,86 €.
- 3.ª) Concello de Sarreaus, para a execución do proxecto “Mellora e acondicionamento do salón de actos do concello” 5.174,67 €.
- 4.ª) Concello de Avión, para a execución do proxecto “Equipamento audiovisual para o salón de actos do Centro multifuncional de Avión” 3.087,86 €.
- 5.ª) Concello de Ramirás, para a execución do proxecto “Equipamento informático para o Centro cultural do Picouto ” 3.395,88 €.
- 6.ª) Concello de Porqueira, para a execución do proxecto “Mellora das instalación e adquisición de equipamento da sala de cultura e teatro” 14.769,37 €.
- 7.ª) Concello da Teixeira, para a execución do proxecto “Dotación de local social en Nogueira-Boazo” 16.116,94 €.
- 8.ª) Concello de Beariz, para a execución do proxecto “Reforma salón de actos” 20.382,97 €.
- 9.ª) Concello de Vilariño de Conso, para a execución do proxecto “Renovación dos equipos informáticos da biblioteca municipal” 6.468,34 €.

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

- 10.^a) Concello da Veiga, para a execución do proxecto “Rehabilitación de antiga casa escola para aula cultural no Toural” 33.011,63 €.
- 11.^a) Concello de Oímbra, para a execución do proxecto “Limpeza e revestimento da fachada do centro social da Granxa” 3.495,98 €.
- 12.^a) Concello de Rubiá, para a execución do proxecto “Acondicionamento do local socio-cultural de Sobredo 3.757,80 €.
- 13.^a) Concello de Amoeiro, para a execución do proxecto “Instalación de iluminación escénica e de equipos de son e videoproxección na casa da cultura” 13.190,79 €.
- 14.^a) Concello de Cartelle, para a execución do proxecto “Equipo de son e iluminación para o auditorio municipal” 2.672,04 €.
- 15.^a) Concello de Baños de Molgas, para a execución do proxecto “Reparación e equipamento de local cultural de uso público” 19.420,42 €.
- 16.^a) Concello de Muíños, para a execución do proxecto “Acondicionamento arquitectónico e equipamento da sala de exposicións etnográfica de Muíños” 7.076,67 €.
- 17.^a) Concello de Muíños, para a execución do proxecto “Equipamento complementario para o centro de interpretación da auga” 7.061,27 €.
- 18.^a) Concello de Verín, para a execución do proxecto “Reforma e reparación da carpintería exterior da biblioteca pública municipal” 2.941,55 €.
- 19.^a) Concello de Verín, para a execución do proxecto “Ampliación de edificio cultural para aseo” 2.579,64 €.
- 20.^a) Concello do Pereiro de Aguiar, para a execución do proxecto “Substitución de carpintería exterior na biblioteca municipal” 2.202,32 €.
- 21.^a) Concello de Laza, para a execución do proxecto “Equipamento de salón cultural municipal” 7.554,10 €.
- 22.^a) Concello de Laza, para a execución do proxecto “Adecuación e equipamento da zona común destinada a xuntanza e transmisión da cultura popular Os Carrilanos” 6.691,65 €.
- 23.^a) Concello de Ribadavia, para a execución do proxecto “Mellora e acondicionamento do auditorio do Castelo dos Sarmiento” 13.075,28 €.
- 24.^a) Concello de San Cristovo de Cea, para a execución do proxecto “Reparación e impermeabilización da cuberta do edificio multiusos municipal” 7.045,87 €

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

- 25.^a) Concello de Toén, para a execución do proxecto “Reforma da instalación eléctrica de BT na biblioteca municipal -antiga casa do concello-” 3.110,96 €.
- 26.^a) Concello de Arnoia, para a execución do proxecto “Acondicionamento aula cultural” 6.129,52 €.
- 27.^a) Concello de Castro Caldelas, para a execución do proxecto “Creación do museo do Irrio Peliqueiro e dos fachós no espazo do castelo de Castro Caldelas” 19.081,60 €.
- 28.^a) Concello da Gudiña, para a execución do proxecto “Reparación, mellora e equipamento da biblioteca municipal e edificio multiusos” 10.588,05 €.
- 29.^a) Concello de Maceda, para a execución do proxecto “Insonorización aula multiusos” 5.736,80 €.
- 30.^a) Concello de Maceda, para a execución do proxecto “Adecuación de local na casa do concello para actos culturais” 13.968,53 €.
- 31.^a) Concello de Melón, para a execución do proxecto “reforma e reparación de infraestruturas culturais de uso público” 7.323,08 €.
- 32.^a) Concello do Carballiño, para a execución do proxecto “Mellora e acondicionamento do auditorio municipal” 10.919,17 €.
- 33.^a) Concello do Irixo, para a execución do proxecto “Recuperación de forno público en Casar de Cangues” 6.268,13 €.
- 34.^a) Concello de Carballada de Avia, para a execución do proxecto “Infraestruturas culturais” 4.019,61 €.

3.- Outorgarlles subvención aos solicitantes, polos importes que se relacionaron, resultando un importe total para conceder de 300.000,00.

4.- PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014, PARA APLICACIÓN DOS REMANENTES PRODUCIDOS POR REXEITAMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS MEDIANTE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 7 DE NOVEMBRO DE 2014 (BASE 9ª DO REFERIDO PROGRAMA).

Unha vez vista a proposta da Comisión de Valoración do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de infraestruturas deportivas, correspondente ao exercicio 2014, para a aplicación dos remanentes producidos por rexeitamento das subvencións concedidas, a **Xunta de Goberno**, en sesión extraordinaria do día da data, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

1.- Aceptar os rexeitamentos ás axudas concedidas formulados polos concellos de Beade, Chandrexa de Queixa, Toén, Punxín, Cortegada, A Bola, Castrelo de Miño, Leiro, Rairiz de Veiga, Bande, Arnoia, Vereia, Castrelo de Val, Lobios, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Riós, Paderne de Allariz, Cualedro, A Merca, A Peroxa e A Rúa de Valdeorras.

2.- Aprobar a concesión de axudas entre os restantes beneficiarios, con aplicación, consonte cos criterios establecidos na base 8ª do programa, dos remanentes producidos, resultando os importes seguintes:

- 1.ª) Concello de Verín, para a execución do proxecto “Pistas de pádel na zona deportiva municipal da Granxa”, 7.726,34 €.
- 2.ª) Concello de Esgos, para a execución do proxecto “Mellora e equipamento de piscinas municipais”, 4.142,85 €.
- 3.ª) Concello de Porqueira, para a execución do proxecto “Instalación de pista de pádel na Forxa”, 8.504,21 €.
- 4.ª) Concello da Teixeira, para a execución do proxecto “Acondicionamento da pista polideportiva da Teixeira”, 13.381,25 €.
- 5.ª) Concello de Beariz, para a execución do proxecto “Construción dunha sala de musculación no polideportivo municipal”, 9.037,37 €.
- 6.ª) Concello da Veiga, para a execución do proxecto “Construción de instalacións náutico-deportivas na Veiga, Fase I”, 12.603,37 €.
- 7.ª) Concello de Oímbra, para a execución do proxecto “Valado con tea metálica en pista polideportiva en Casas dos Montes”, 3.172,69 €.
- 8.ª) Concello de Oímbra, para a execución do proxecto “Cerramento de pista polideportiva en Videferre”, 2.604,58 €.
- 9.ª) Concello de Amoeiro, para a execución do proxecto “Construción de pista de pádel na Rúa Bazacos”, 7.472,87 €.
- 10.ª) Concello de Baltar, para a execución do proxecto “Instalación para mellora da piscina municipal”, 8.565,40 €.
- 11.ª) Concello da Rúa de Valdeorras, para a execución do proxecto “Cerramento en bancada campo de fútbol O Aguillón”, 1.555,76 €.

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

- 12.^a) Concello de Maceda, para a execución do proxecto “Campo de fútbol de céspede artificial”, 44.872,19 €.
- 13.^a) Concello de Baños de Molgas, para a execución do proxecto “Reparación e equipamento do Pavillón polideportivo”, 7.936,10 €.
- 14.^a) Concello de Parada do Sil, para a execución do proxecto “Dotación de bancadas ao campo de fútbol e acondicionamento da contorna”, 10.794,15 €.
- 15.^a) Concello de Muíños, para a execución do proxecto “Reforma, reparación ou acondicionamento de varias infraestruturas deportivas”, 4.396,32 €.
- 16.^a) Concello de Quintela de Leirado, para a execución do proxecto “Revestimento de solo en pista deportiva no núcleo de Leirado”, 6.275,46 €.
- 17.^a) Concello do Pereiro de Aguiar, para a execución do proxecto “Substitución de lucernario central e canlón no pavillón municipal ”, 3.190,17 €.
- 18.^a) Concello de Laza, para a execución do proxecto “Reparación da cuberta do pavillón polideportivo de Laza”, 5.934,60 €.
- 19.^a) Concello de Larouco, para a execución do proxecto “Peche de pista polideportiva en Freixido”, 12.288,72 €.
- 20.^a) Concello de Nogueira de Ramuín, para a execución do proxecto “Equipamento pavillón polideportivo de Nogueira de Ramuín”, 4.955,69 €.
- 21.^a) Concello de Calvos de Randín, para a execución do proxecto “Acondicionamento do campo de fútbol e cuberta de bancada”, 5.226,64 €.
- 22.^a) Concello de Celanova, para a execución do proxecto “Reparación polideportivo As Trigueirizas”, 4.291,44 €.
- 23.^a) Concello da Mezquita, para a execución do proxecto “Reparación de pavillón municipal”, 6.467,75 €.
- 24.^a) Concello de Rubiá, para a execución do proxecto “Acondicionamento de aseos no polideportivo de Rubiá”, 3.924,35 €.
- 25.^a) Concello de Vilamartín de Valdeorras, para a execución do proxecto “Substitución de canlóns e baixantes no pavillón polideportivo do Bañadoiro”, 3.111,51 €.
- 26.^a) Concello de Avión, para a execución do proxecto “Material deportivo para o servizo municipal de deportes de Avión”, 2.316,15 €.

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

- 27.^a) Concello de Vilamarín, para a execución do proxecto “Reforma e reparación das piscinas municipais do concello de Vilamarín”, 7.420,43 €.
- 28.^a) Concello de Viana do Bolo, para a execución do proxecto “Construción de campo de fútbol de herba artificial”, 8.285,71 €.
- 29.^a) Concello de San Cristovo de Cea, para a execución do proxecto “Reparación e impermeabilización da cuberta do pavillón polideportivo municipal”, 5.689,87 €.
- 30.^a) Concello de Padrenda, para a execución do proxecto “Acondicionamento e mellora do complexo deportivo de Padrenda”, 7.472,87 €.
- 31.^a) Concello de Carballada de Valdeorras, para a execución do proxecto “Renovación de pavimento en zona de baño das piscinas municipais de Sobrado”, 7.971,06 €.
- 32.^a) Concello da Pobra de Trives, para a execución do proxecto “Posta en valor zona recreativa de San Bartolomé”, 8.565,40 €.
- 33.^a) Concello de Ribadavia, para a execución do proxecto “Equipamento para polideportivo municipal”, 6.703,73 €.
- 34.^a) Concello de Manzaneda, para a execución do proxecto “Subministración e instalación de pavimento deportivo”, 8.530,44 €.
- 35.^a) Concello de Vilariño de Conso, para a execución do proxecto “Reparación de instalación deportiva: pista de tenis”, 9.360,75 €.
- 36.^a) Concello de Carballada de Avia, para a execución do proxecto “Infraestruturas deportivas”, 3.801,99 €.
- 37.^a) Concello de Petín, para a execución do proxecto “Peché de pista de tenis en Petín”, 6.799,88 €.
- 38.^a) Concello de San Cibrao das Viñas, para a execución do proxecto “Reforma e reparación de infraestruturas municipais destinadas a uso deportivo”, 2.517,18 €.
- 39.^a) Concello da Gudiña, para a execución do proxecto “Mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal”, 5.086,80 €.
- 40.^a) Concello de Castro Caldelas, para a execución do proxecto “Limpeza e sinalización de ruta de sendeirismo circular en castro Caldelas”, 3.391,20 €.
- 41.^a) Concello de Melón, para a execución do proxecto “Reparación e equipamento para o pavillón de Quins”, 3.653,40 €.

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

5.- PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014, PARA APLICACIÓN DOS REMANENTES PRODUCIDOS POR REXEITAMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS MEDIANTE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 7 DE NOVEMBRO DE 2014 (BASE 9ª DO REFERIDO PROGRAMA).

Unha vez vista a proposta da Comisión de Valoración do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de parques, xardíns e zonas verdes, correspondente ao exercicio 2014, para a aplicación dos remanentes producidos por rexeitamento das subvencións concedidas, a **Xunta de Goberno**, en sesión extraordinaria do día da data, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- Aceptar os rexeitamentos ás axudas concedidas formulados polos concellos de Chandrexa de Queixa, A Bola, Castrelo de Miño, Bande, Rairiz de Veiga, Leiro, Lobios, Cortegada, Xinzo de Limia, Barbadás, Riós, A Rúa de Valdeorras, A Peroxa, Punxín, Vilar de Santos, Verea, A Teixeira e Xunqueira de Ambía.

2.- Aprobar a concesión de axudas entre os restantes beneficiarios, con aplicación, consonte cos criterios establecidos na base 8ª do programa, dos remanentes producidos, resultando os importes seguintes:

- 1.^a) Concello de Entrimo, para a execución do proxecto “Creación dun parque no lugar da Illa”, 2.036,26 €.
- 2.^a) Concello de Porqueira, para a execución do proxecto “Axardinamento nas piscinas municipais da Forxa”, 5.885,38 €.
- 3.^a) Concello de Beariz, para a execución do proxecto “Acondicionamento de zonas verdes en Magros, A Bouza e Doade”, 11.317,55 €.
- 4.^a) Concello da Veiga, para a execución do proxecto “Adecuación de espazo público para praza e parque infantil en Baños”, 11.422,80 €.
- 5.^a) Concello de Oímbra, para a execución do proxecto “Reforma dunha zona de xogos infantís no Rosal”, 5.387,06 €.
- 6.^a) Concello de Oímbra, para a execución do proxecto “Parque no Souto en Espiño”, 5.893,97 €.
- 7.^a) Concello de Amoeiro, para a execución do proxecto “Accesibilidade e seguridade no parque público de Amoeiro “Parque dos Sentidos”, 10.937,36 €.

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

- 8.^a) Concello de Cartelle, para a execución do proxecto “Colocación de elementos biosaudables para parque na Ulfe e de elementos para xogos infantís para parque na Seara”, 4.850,07 €.
- 9.^a) Concello da Merca, para a execución do proxecto “Reparación de parque do Outeiro-Campo da Festa”, 3.176,82 €.
- 10.^a) Concello de Baños de Molgas, para a execución do proxecto “Acondicionamento de parque Ansuiña”, 11.036,17 €.
- 11.^a) Concello de Muíños, para a execución do proxecto “Parques biosaudables en Parada de Ventosa e Barrio de Barxés”, 0 € por non alcanzar a cifra de investimento mínimo (5.573,45 € esixíndose polo menos 6.000,00 €)
- 12.^a) Concello de Muíños, para a execución do proxecto “Reparación e substitución de elementos dos parques infantís de Mugueimes e Porqueirós”, 2.446,52 €.
- 13.^a) Concello de Muíños, para a execución do proxecto “Reparación de zonas verdes municipais no Corgo”, 7.642,41 €.
- 14.^a) Concello de Quintela de Leirado, para a execución do proxecto “Adecuación do parque destinado á infancia no núcleo de Leirado”, 3.479,68 €.
- 15.^a) Concello do Pereiro de Aguiar, para a execución do proxecto “Parques infantís en Calvelle e Melias e parques biosaudables en Vilariño, A Derrasa, Loñoá, Santa Marta, Cortiñas, Pereiro e Sabadelle”, 6.849,81 €.
- 16.^a) Concello de Laza, para a execución do proxecto “Creación dun parque nunha praza pública sobre a cuberta do edificio municipal para centro de emerxencias e protección civil de Laza. Fase 1”, 11.137,12 €.
- 17.^a) Concello de Carballeda de Avia, para a execución do proxecto “Mellora da praza da alameda e mellora e ampliación de parque infantil”, 5.436,46 €.
- 18.^a) Concello de Ribadavia, para a execución do proxecto “Reforma do parque infantil en Ribadavia”, 5.183,00 €.
- 19.^a) Concello de Toén, para a execución do proxecto “Acondicionamento de parques infantís en Trellerma, Fondón e Mugares”, 7.330,95 €.
- 20.^a) Concello de Monterrei, para a execución do proxecto “Construción dunha área de xogos infantís na Madanela”, 4.472,03 €.

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

- 21.^a) Concello de Nogueira de Ramuín, para a execución do proxecto “Adecuación de parque infantil en Luínta”, 3.093,05 €.
- 22.^a) Concello do Carballiño, para a execución do proxecto “Acondicionamento de parques e zonas verdes na Uceira”, 10.604,43 €.
- 23.^a) Concello da Mezquita, para a execución do proxecto “Acondicionamento de espazo público no Pereiro”, 2.940,54 €.
- 24.^a) Concello de Piñor, para a execución do proxecto “Ampliación da zona verde do río Silvaboa (Cotelas)”, 3.146,75 €.
- 25.^a) Concello de Vilar de Barrio, para a execución do proxecto “Acondicionamento e renovación de parque e xardín público na Praza do Toural”, 3.243,40 €.
- 26.^a) Concello de Montederramo, para a execución do proxecto “Adecuación e mellora de zona verde de Ponte Mazaira”, 3.129,56 €.
- 27.^a) Concello de Boborás, para a execución do proxecto “Creación de parques biosaudables nas parroquias de Cameixa, Astureses, Brués, O Regueiro, Pazos de Arenteiro, Xendive, Moreiras e Albarellos”, 6.394,45 €.
- 28.^a) Concello de Vilardevós, para a execución do proxecto “Creación de parques biosaudables nas zonas de Moialde, Arzúa e Berrande”, 4.439,81 €.
- 29.^a) Concello de Coles, para a execución do proxecto “Posta en valor da contorna da escola infantil e centro social de Gustei ”, 8.505,88 €.
- 30.^a) Concello de San Cibrao das Viñas, para a execución do proxecto “Equipamentos para parques, xardíns e zonas verdes municipais de uso público”, 1.971,82 €.
- 31.^a) Concello do Irixo, para a execución do proxecto “Área recreativa en Parada de Labiote”, 5.307,58 €.
- 32.^a) Concello da Gudiña, para a execución do proxecto “Mellora e acondicionamento dos xardíns municipais así como do Parque da Cotarela”, 5.009,02 €.
- 33.^a) Concello de Castro Caldelas, para a execución do proxecto “Recuperación para uso público de paseo peonil e zona de espallamento na Cima da Vila”, 11.109,20 €.
- 34.^a) Concello de Melón, para a execución do proxecto “Investimentos en parques infantís de Melón”, 5.183,00 €.

Acta da Xunta de Goberno extraordinaria correspondente ó 9 de decembro de 2014

3.- Outorgarlles subvención aos solicitantes, polos importes que se relacionaron, resultando un importe total para conceder de 199.999,91 € e un remanente verbo do gasto autorizado de 0,09 €:

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día nove de decembro do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,